



ANUNCIO

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA
DON LUIS CALVO MIGUÉLEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA
(PONTEVEDRA)**

DECRETO.- No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

ASUNTO: CONVOCATORIA CONCURSO DE MÉRITOS E PRIMEIRO EXERCICIO. Exp G.16/2023.

Conforme as BASES POLAS QUE SE REXERÁ O PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE SETE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE AGOLADA PARA O ANO 2022, PARA A estabilización DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PREVISTA NO ARTIGO 2 E NA DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 26 de decembro de 2022 publicadas no BOP de Pontevedra nº 249 de data 30 de decembro de 2022 e examinadas as solicitudes presentadas.

Vista as Resolucións de alcaldía de data 25 e 26 de maio de 2023 onde se acorda aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos e se nomea ao tribunal de valoración e logo de ver que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 110 de data 8 de xuño de 2023.

ACORDO

Primeiro: Fixar a data, hora e lugar de celebración de:

- **Constitución do tribunal e análise do procedemento:**
 - o Data: 15 de marzo de 2024.
 - o Hora: 12.00 horas.
 - o Lugar: Casa do Concello de Agolada, Praza do Concello, 1, 36520, Agolada, Pontevedra.
- **Valoración das solicitudes presentadas. Concurso de méritos:**
 - o Data: 15 de marzo de 2024.
 - o Hora: 12.30 horas.
 - o Lugar: Casa do Concello de Agolada, Praza do Concello, 1, 36520, Agolada, Pontevedra.
- **Realización do primeiro exercicio:**
 - o Data: 5 de abril de 2024.
 - o Hora: 11.30 horas.
 - o Lugar: Escola Taller (Polígono Industrial Monte Merín), Rúa Fonte de Cántaras, 56, 36520, Agolada, Pontevedra.

Segundo: Convocar aos membros do tribunal para a data, hora e lugar anteriormente citados.



Terceiro: Convocar aos admitidos á realización do primeiro exercicio na data, hora e lugar sinalados anteriormente, debendo de ir acompañados do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto: Ordear a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Agolada (<http://www.agolada.es/>).

Quinto: Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre.”

En Agolada, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

Luis Calvo Miguélez

